

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------|-------------------------------|---------------|
| 15013591 | CEIP Plurilingüe Santa María | As Pontes de García Rodríguez | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Relixión Católica | 4º Inf. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 9 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 9 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 10 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 10 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 10 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 11 |
| 7.2. Actividades complementarias | 12 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 13 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 13 |
| 9. Outros apartados | 13 |

1. Introducción

Esta proposta educativa vai dirixida ao segundo ciclo de educación infantil no CEIP Santa Maria de As Pontes de Garcia Rodriguez. Esta programación será realizada no curso 23/24.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación. | 1 | | | | | | | |
| OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana. | | | 1 | | | | | |
| OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia. | | | | | | 1 | 1 | |
| OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza. | | | | 1 | | | | 1 |
| OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas. | | 1 | | | | | | |
| OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa. | | | | | 1 | | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------------|--|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A casa de Xesús | Nesta unidade, os alumnos aprenderán onde vive Xesús. | 5 | X | | |
| 2 | Os amigos de Xesús | Nesta unidade, os alumnos descubren o valor da amizade | 5 | X | | |
| 3 | A anunciación e o nacemento de Xesús | Nesta unidade, os alumnos disfrutarán aprendendo o proceso do nacemento de Xesús | 5 | X | | |
| 4 | Xesús ensinanos a compartir | Nesta unidade, os alumnos aprenden o valor de compartir, como fai Xesús | 5 | | X | |
| 5 | Deus nos coida | Nesta unidade, os alumnos aprenden a coidar da natureza e das persoas ao seu redor | 5 | | X | |
| 6 | Celebramos a Semana Santa | Nesta unidade, os alumnos aprenden a como Xesús despois de morrer sigue en nós. | 5 | | | X |
| 7 | A festa do bautismo | Nesta unidade, os alumnos aprenden que a traves do sacramento do bautismo entramos no Reino de Deus. | 5 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 1 | A casa de Xesús | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula. | Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das suas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula. | TI |
| CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas. | Propiciar espazos inclusivos e practicos de convivencia, tomando como exemplo as verbas e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo mais fraterno | |
| CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es | Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubriendo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir a vida interior. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas. - A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2 | Os amigos de Xesús | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|-----------|
| CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da | Desenrolar hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a traves de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade. | TI |
| CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio. | Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as verbas e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo mais fraterno | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Valoración das relacións sociais, en especial da amizade. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflictan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. |

Contidos

- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 3 | A anunciación e o nacemento de Xesús | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola. | Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial | TI |
| CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade | Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo | |
| CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndolas cunha actitude de asertividade e respecto. | Observar, aceptar e disfrutar da diversidade persoal e social describindo nos seus próximos entornos situacións nas que poida cooperar no coidado da súa casa común | |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade. | Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.
- Identidade cristiá e contorna social.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A oración de Xesús.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 4 | Xesús ensínanos a compartir | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|--|-----------|
| CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade. | Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e co entorno desenrolando habilidades sociais e actividades de respecto | TI |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza. | Observar, aceptar e disfrutar a diversidade persoal e social, descubriendo no seu entorno próximo situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva. - Identidade cristiá e contorna social. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5 | Deus nos coida | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|-----------|
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias | TI |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - A vida cristiá en comunidade. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------------|-----------------|
| 6 | Celebramos a Semana Santa | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|-----------|
| CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades. | Coñecer e aprender a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial | TI |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural. | Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula. | |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Vocabulario, edificios e imáxens achegadas ao neno | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 7 | A festa do bautismo | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|-----------|
| CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva. | Manifesta alegría ao atoparse cos compañeiros | TI |
| CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio. | Propiciar espazos inclusivos e practicos de convivencia, tomando como exemplo as verbas e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo mais fraterno | |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas. | Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a traves do coñecemento do seu corpo | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A figura da Virxe María. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A elaboración das propostas pedagóxicas desta etapa atenderá a diversidade dos nenos e nenas, terase en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, atenderase ao desenrolo da autonomía dos nenos e nenas e fomentarse o traballo en equipo. A metodoloxía que se propón estará orientada a que os nenos de tres a seis anos partan da súa propia experiencia para achegarse ao feito relixioso e ao mensaxe cristián e logren así integralos no seu universo persoal e expresalos creativamente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|-------------------------|
| Fichas, videos e contos |

neste apartado empregaranse distintos tipos de materiais para achegar ao alumnado de forma sinxela e que sexa de forma interesante para motivar aos alumnos

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- Realizarase no mes de setembro.
- É fundamental para diagnosticar os coñecementos que posúen os alumnos/as ante os novos contidos que se van tratar.

Consistirá:

- Análise de producións: caderno, mapas, intervencións no GG.
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula
- Informarase á familia a través das titorías.
- A información que xere orienta non so ao profesor senón tamén ao alumnado sobre onde está respecto ás competencias claves.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

1. É a que aplicamos durante o proceso de aprendizaxe. Nesta fase ten especial importancia as actividades diarias realizadas na aula.
2. Realízanse varias probas escritas e orais de cada tema antes do control do mesmo para que o profesor e o alumnado reflexionen sobre elas e poidan subsanar os erros ; é dicir son un medio para mellorar a ensinanza , sendo a súa función reguladora e non sancionadora.
3. A temporalización está en función do tema a traballar.
4. A cualificación das probas escritas, orais, traballo individual , traballo en grupo, caderno e observación é por ponderación.
5. A media de cada avaliación é o resultado das cualificacións que hai de todos os temas que entran nese período de tempo e, por suposto, ten que seguir o mesmo baremo que para cada tema.
6. Nas observacións teranse en conta como traballan individualmente ou en grupo, as intervencións orais, as actitudes, a constancia e o esforzo.

Criterios de recuperación:

7. As avaliacións non superadas recupéranse con fichas de reforzo e o apoio individual

6. Medidas de atención á diversidade

Na clase de relixión atoparemos alumnado moi diferente e non podemos ignorar esa diversidade, senon que debemos atendela. Toda intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado adaptando á práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Co obxectivo de responder ás necesidades educativas de cada neno e nena e á consecución, por parte de todos eles, dos obxetivos da etapa, sin que supoñan, en ningún caso, unha discriminación que lles impida alcanzar ditas metas, é necesario que os centros educativos adopten medidas de atención á diversidade.

Desde a área de Relixión Católica como medida para atender á diversidade propoñense unhas actividades complementarias que están desenvolvidas nas fichas e permiten aos mestres atender á demanda de aqueles grupos de alumnos que necesiten máis estímulo e desexen levar a cabo máis cantidade de actividades, diversificando desta maneira o tipo de actividades á marxe das fichas de traballo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Educación do consumidor | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para la igualdad de oportunidades entre ambos sexos | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación sexual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación para a paz | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Educación moral e cívica

Os sentimentos de alegría e de unidade familiar nas celebracións.
 Expresión de sentimentos de alegría pola chegada das vacacións e de tristeza polo fin do curso.
 Actitudes propias do mensaxe do Nadal.
 Admiración e respecto polos pais e outras persoas que nos coidan.
 O comportamento cos amigos: o respecto.
 A colaboración e o respecto na aula.
 As festas e celebracións, momentos de encontro e alegría.
 Actitude de axuda e colaboración ante as necesidades dos demais.
 Participación alegre e responsable na festa de fin de curso.

Educación para a paz

A manifestación do amor cristian: repartir alegría e felicidade a quen nos rodean.
 Perdoar aos amigos é motivo de alegría.
 Reflexión sobre os sentimentos relacionados co perdón.
 A mensaxe de Nadal, presenza do amor de Deus.
 Actitudes que achercan a Deus: o perdón.
 Actitudes que causan alegría ou tristeza.

Educación para a saúde

Importancia dun entorno adecuado para medrar e facerse maior.

Educación sexual

Expresión de sentimentos e emocións.
 Mostras de cariño e amor.

Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos

Gratidade cara a Nai ou a persoa que nos coida e protexe.

Educación ambiental

Colaboración e respecto no coidado e usos da natureza.
 Discriminación entre actitudes respetuosas coa Creación e actitudes que a perxudican.
 A colaboración das persoas na obra creadora de Deus.

Educación do consumidor

Actitudes propias do mensaxe de Nadal.
 Os valores evanxélicos: compartir.
 Actitude de compartir coa xenerosidade.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------------|--|----------|----------|----------|
| o nadal | cada neno realizará o seu propio Belén con materiais de refugallo | X | | |
| obra de teatro da semana santa | levarase a cabo con diversos persoaxes unha pequena representación teatral | | X | |
| unha obra de arte | realizarase nun mural os valores que nos regalou Deus | | | X |

Observacións:

cada unha delas levarase a cabo en cada trimestre

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Metodoloxía empregada |
| ter interese pola asinatura e desenrolar valores propios do ser human |

Descrición:

- Consideramos que a avaliación debe permitir unha regulación constante do proceso de ensinanza - aprendizaxe.
- A información que xere a avaliación debe orientar o proceso educativo e indicarlle ao profesorado e alumnado onde están respecto ás competencias e aos obxectivos establecidos e facilitar a interacción na mellora deste proceso.
- Polo tanto tratamos que:
 - Sexa un medio para mellorar a ensinanza e non unha finalidade.
 - Que a súa función sexa reguladora, non sancionadora.
 - Contemple a diversidade do alumnado, establecendo retos e o tipo de axuda que cada un/a necesite para superalos.
 - Na avaliación serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo.
 - Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias claves.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

realizarase unha avaliacion docente onde se dictamine se as actividades, as propostas de ensinanza aprendizaxe e a metodoloxia foi apropiada para os alumnos, se foi do seu interes para o curso que ven adoptar medidas que corrixan os erros para que o alumnado disfrute da aprendizaxe recibida

9. Outros apartados